

# RADIO NA BIBLIO



*propostas de formación · 2025-26*



BIBLIOTECAS  
ESCOLARES  
DE GALICIA



XUNTA  
DE GALICIA





# PACO LUNA

Paco Luna é Diplomado en Interpretación polo Centro Andaluz de Teatro (CAT).

Ten ampla experiencia en teatro, como actor en numerosas producións, destacando o seu traballo en "Otelo" con Clásicos Contemporáneos, dirixido por Julio Fraga, e en "La Evitable Ascensión de Arturo Ui" co Centro Andaluz de Teatro. Ten

experiencia en teatro clásico, comedia e monólogo cómico, como en "Mata políticos con amor", un espectáculo propio. Traballou con compañías como Cámara Negra en montaxes como "Repóker de Ases". É director de grupos de teatro como A Tequerreté (Teo), Teatro Pesadelo (Santiago de Compostela) ou Chumpá Teatro (Cuntis). Impartiu cursos de interpretación en centros socioculturais e institucións culturais como o Museo Carmen Thyssen de Málaga e a Biblioteca Nacional de España. Tamén desenvolveu proxectos sociais, como talleres de teatro para mulleres xitanas na Fundación Secretariado Gitano en Santiago de Compostela.

Ten tamén experiencia en cine, participando en longametraxes de cineastas recoñecidos, como "Astronautas" de Santi Amodeo, "El Traje" de Alberto Rodríguez ou "La Caída de Alejandra" de Álvaro de Armiñán. Traballou en proxectos de distintos xéneros, desde o drama ata o thriller e a comedia. Traballou en televisión, en series emitidas en canles nacionais e autonómicas. En Antena 3 participou en "Allí Abajo", en TVE en "O Final do Camiño" ou "Academia de Baile Gloria" e en Canal Sur en "Brigada de Fenómenos" e "Arrayán", entre outras.

## OBRADOIRO



### O Tolodiario

Obradoiro dirixido a público a partir de 15 anos.

Neste obradoiro empregaremos técnicas teatrais de interpretación para crear un informativo radiofónico. Seremos presentadores, colaboradores, enviados especiais, imitaremos espazos publicitarios, reproduciremos músicas e efectos sonoros... Todo, absolutamente TODO, cobrará vida a través da nosa interpretación, da nosa voz e, por suposto, de moitas risas.

O obxectivo é que os alumnos e alumnas elaboren o guión dun informativo ficticio e, posteriormente, lle dean voz, son e realidade grazas ao seu traballo actoral.

O feito de que traballemos para a radio permitirá que as persoas un pouco tímidas se sintan máis cómodas, ao non ter que enfrontarse ao público en directo no seu primeiro contacto coa interpretación.

622725915  
lobolunaf@gmail.com



# PAULA CARBALLEIRA



Paula Carballeira é licenciada en Filoloxía Hispánica e dedícase profesionalmente ao teatro e á narración oral. Participa en diversos programas da TVG e ten colaborado como locutora na Radio Galega.

Participou en programación culturais en

Galicia e noutras partes de España, así como Portugal, Brasil e Chile. Como autora de literatura infantil publicou numerosas obras, entre as que cabe destacar "A morte do mar" (2º Premio do Concurso nacional de contos infantiles O Facho no 1988), "Smara", "Boas noites" (Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2007) ou "O refugallo" (Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2011). Dende hai máis de 25 anos imparte cursos sobre narración e tradición oral, dramatización, contacontos, animación á lectura... Na súa faceta como actriz está vencellada ao grupo de teatro Berrobambán. Tamén traballa en series de ficción para a TVG.

## OBRADOIRO



### Introdución ao teatro radiofónico

No teatro radiofónico exploramos todas as posibilidades expresivas da voz: a dicción, a entoación, as pausas, os silencios; creamos personaxes xogando con esas posibilidades, e tamén imaxinamos un espazo sonoro con música e sons que evoque o que queremos transmitir. Neste curso, elaboraremos un equipo e xogaremos para crear unha ficción, é dicir, faremos teatro. Traballaranse contidos como a distribución de roles: o equipo artístico e o equipo técnico, a selección da peza, a dirección, a interpretación e a creación do espazo sonoro. Realizarase unha lectura dramatizada a partir de fragmentos do libro Somos os monstros.

[pcarballeira@gmail.com](mailto:pcarballeira@gmail.com)







# PEDRO IGLESIAS

Pedro Iglesias é produtor musical e técnico de son, formado no CIFP Imaxe e Son da Coruña (Ciclo Formativo Superior de Son) e na Universidade da Coruña (Grao en Comunicación Audiovisual). Foi integrante do grupo de rap Ezetaerre e, baixo o pseudónimo artístico Peter Petrowski, leva anos traballando con multitude de artistas do panorama musical galego dende o seu estudio de gravación no Porriño.

## OBRADOIROS



### Ambientación musical e sonora para radio e podcast

Obradoiro dirixido ao uso avanzado dos elementos da linguaxe radiofónica que van máis aló da voz: a música, os efectos sonoros e o silencio. Esta actividade está dirixida a alumnado con experiencia previa nas actividades da radio escolar.

### Escritura de rap

Obradoiro de escritura creativa enmarcado no rap contemporáneo en lingua galega. O seu obxectivo é potenciar as competencias musicais e lingüísticas do alumnado, así como ensinalles recursos e técnicas complementarias para a creación de letras neste xénero musical.

### Experimentación e creación musical na biblioteca

Proposta de achegamento á produción de música electrónica a través da interacción, de xeito lúdico e colaborativo, con diversos aparellos sonoros e instrumentos musicais.

### Gravación e mestura para radio e podcast

Actividade técnica de carácter introdutorio ao mundo da radio e do podcast. Consiste na realización dunha gravación sonora multipista e na súa posterior edición e procesamento, empregando o software libre de audio Audacity.

664625295  
pedro@pedroiglesias.eu  
<https://pedroiglesias.eu/>



# JOSÉ MARÍA BARÁ



Jose María Bará leva a radio no sangue. A súa paixón pola técnica e a locución acompañao en máis de 25 anos de experiencia profesional no eido da radiodifusión. Na Cadena Ser, 40 Principales, Cadena Cope, Cadena 100 ou Grupo Radio España/Cadena Top Radio, desenvolveu diversos postos como locutor/director de magazine, redactor e presentador de informativos, presentador de programas musicais, produtor e locutor de cuñas publicitarias, control técnico de son e mantemento de equipos entre outras funcións. Realizou programas en cadena para todo o estado (Cadena 100). Na actualidade é proveedor de contidos de audio para diversas empresas (grupos de comunicación, axencias, entidades, produtoras, etc.) actividade que compatibiliza coa realización de obradoiros de radio en centros de ensino e universidades.

## OBRADOIRO



A proposta consiste en achegar o alumnado ao mundo da radio, facendo unha inmersión na gravación de programas sinxelos, co foco nos aspectos técnicos. Isto daralles a base para ter autonomía de traballo no futuro.

*Datas limitadas. Consultar dispoñibilidade.*



670518510  
info@josemariabara.com  
<http://www.josemariabara.com/>



# CHARO PITA

Naceu á idade de seis anos cando rematou de ler o seu primeiro libro. Desde ese día a súa idade foise adaptando ata facela sentir contemporánea de todo o mundo. Comezou a narrar historias no ano 1994 e viaxou con elas

polo mundo: Alemania, Polonia, Italia, Nicaragua, Galicia, España...

O seu traballo abarca diversas áreas do fabuloso; conta tanto para a rapazada como para xente adulta. Tamén imparte obradoiros de narración e lectura expresiva e leva publicados máis dunha ducia de libros e gañado algún que outro premio literario, entre eles o Espiral Maior de poesía no ano 2001 e o premio Manuel Murguía de narracións breves no pasado 2018. Unha das súas facetas máis persoais é a de mesturar contos e música. Avanzando nesa liña, publicou un libro con poemas musicados na colección Sonárbore da editorial Galaxia titulado "No país do vento".

## OBRADOIROS



### Aventureiras intrépidas

Ao longo da Historia, moitas mulleres realizaron viaxes, viviron aventuras, levaron a cabo descubertas incríveis. Con este obradoiro propoñemos unha viaxe polo mundo coa fin de saber máis sobre estas mulleres: quen viviu en África xunto a tribos caníbales, quen intentou descubrir as fontes do Nilo...?

Obradoiro enfocado a elaborar material para facer un programa de radio sobre esta temática. Recibirán tamén algunhas técnicas básicas de lectura en voz alta.

### Ler teatro na radio

Obradoiro enfocado ao alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de EP e 1º da ESO que queiran desenvolver o teatro lido para logo poñelo en práctica en contextos diversos como a radio...

Para alumnado que xa participase no obradoiro do ano pasado, este ano ofreceríase un módulo máis avanzado con outros exercicios e textos.

O enfoque será totalmente lúdico, de xeito que axude a facer da lectura unha experiencia a un tempo comunicativa e divertida

### Obradoiro de narración oral

Obradoiro encamiñado á práctica da narración oral con alumnado de 4º, 5º e 6º de EP e 1º de ESO coa fin de que adquiren recursos para desenvolveren a narración de historias.. O obradoiro terá un carácter eminentemente práctico.

### Xeografía máxica

Obradoiro encamiñado a que o alumnado de 4º, 5º e 6º de EP e 1º de ESO coñeza as figuras míticas ligadas a determinados lugares ou accidentes xeográficos e as súas historias. A Maruxaina en Burela, a princesa Pirene, nos Pirineos, o xigante Gerión e a Torre de Hércules...

Actividade enfocada a elaborar material para facer un programa de radio sobre esta temática. Recibirán tamén algunhas técnicas básicas de lectura en voz alta.

678852947  
charopitasilvestre@gmail.com



# SOLEDAD FELLOZA



Soledad Felloza dedícase á narración oral desde hai 25 anos. Tamén é docente, actriz, fotógrafa, escritora de literatura infantil e xuvenil e dramaturga, cunha ampla formación no campo do teatro e no eido dos contos.

Recibiu o Premio Europeo ao mellor conto para nenos e nenas por "A cociñeira do rei" (OQO, 2015) e publicou tamén "La Vuelta al mundo" (La Fragatina, 2017).

É tamén a directora do Festival Internacional de Narración Oral Atlántica, con sede en Galicia. O seu programa de radio "La casa disparatada" foi declarado pola UNESCO de interese por mor da súa contribución á difusión dos dereitos da infancia. Ten editados discos de contos para nenos baixo o título "De Tin Marín".

É columnista invitada en diferentes publicacións literarias e de teatro: "Tantágora", "Aedo", "Clij" ou "Primer Acto".

Imparte obradoiros de teatro en centros penitenciarios e obradoiros de narración oral en centros de ensino de educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional e tamén no ensino universitario.

Traballa na animación á lectura con moitas bibliotecas e participa, desde o ano 2002, no Circuito de Artes Escénicas de Aragón, Navarra, Castela A Mancha e Málaga, así como con festivais de narración oral de América Latina e Europa.

## OBRADOIRO



### Había unha vez... na radio

Obradoiro de narración oral na radio. A radio é un medio de transmisión oral e, polo tanto, trátase do medio máis axeitado para a difusión, rexistro, recuperación e narración de historias.

Na radio tampouco existe a cuarta parede. Doutro lado do micrófono está a persoa a quen lle falamos, contamos, informamos. A nosa voz vai directa ao noso obxectivo, o oínte. Iso permite os nenos e nenas "locutores" crear só coa voz un universo inmenso. A voz pode ser vento, mar, animais, chuvia. O que non se pode facer coa voz, conseguímolos recrear con efectos de son, dixitais ou manuais.

Contar contos na radio é celebrar a palabra dita. A imaxinación.

No obradoiro traballaremos diferentes maneiras de narrar historias só para orellas.



635952820  
soledadfelloza@gmail.com  
<http://soledadfelloza.com/>





# GABRIEL PAZ

Gabriel Paz Otero está especializado no sector audiovisual e conta con formación superior en Son, Telecomunicacións e Electrónica. No 2021, despois de traballar en diferentes campos, decidiu emprender a súa paixón, comezando así a súa andaina coa empresa Paz

Movie, situada en Santiago de Compostela e adicada á gravación e edición de radio e podcasts, gravación e edición de vídeo, streamings, sonorización de eventos e imaxe corporativa, entre outros servizos.

## OBRADOIRO



### Obradoiro de aprendizaxe radiofónica

O obradoiro de aprendizaxe radiofónica consiste nunha actividade de traballo en equipo na que o alumnado realizará un programa de radio de comezo a fin, pasando por todas as etapas do proceso. Esta iniciativa está dirixida a alumnado de 5º e 6º de EP e alumnado de 1º e 2º de ESO.

Os obxectivos da actividade son: traballar en equipo, dar o paso de poñerse á fronte dun micrófono, formarse en materia de radio e podcast así como coñecer as súas diferenzas, realizar un guión e a escaleta do programa de radio, aprender as nocións básicas sobre a locución e as súas técnicas, practicar a captación sonora e entender os planos sonoros, aprender as nocións básicas sobre a utilización dunha mesa de mesturas, realizar entradas e saídas de audio, gravar dixitalmente na computadora, gravar e editar cabeceiras, cuñas e fondos musicais e gravar e editar un programa de radio.

611700765  
info@pazmovie.es



# ARTUR TRILLO



Artur Trillo é actor, director e autor teatral. Fundou a compañía Talía Teatro, onde desenvolve a maior parte dos seus proxectos teatrais. Como actor, destacan as súas interpretacións en "Bicos con lingua" e "E ti quen vés sendo?", polos que acadou dous premios María Casares á mellor interpretación.

Tamén participa en varios proxectos doutras compañías teatrais, como o Centro Dramático Galego, Teatro do Atlántico e Lagarta Lagarta.

Como director, salientan os espectáculos "Gaivotas subterráneas" e "Palabras encadeadas", polo que acadou, con este último, o premio María Casares á mellor dirección.

Como autor, levou a escena varias montaxes, entre as que resaltan textos para público infantil, como "Menos lobos", "Sopa de sapo" ou "Voa, voa!" Tamén participa nos espectáculos de creación colectiva "Pelos na lingua" e "A parábola do angazo", que lograron dous premios María Casares ao mellor texto teatral. En 2012 recibiu un Premio Max das Artes Escénicas.

Tamén participa en numerosas escolas de formación de teatro afeccionado e dirixiu a Mostra de Teatro de Cee desde 1988 ata o 2012.

Recentemente traballou nas producións Urxencia Cero, Rapa, Migas de pan, Sicixia... entre outras.

## OBRADOIROS

### Todo se pode contar con teatro

Unha proposta de lectura dramatizada dirixido a estudantes de educación primaria (4º, 5º e 6º), pensado para explorar as distintas posibilidades da dramatización de diversos textos non teatrais Nun ambiente dinámico e divertido, os participantes aprenderán a dar vida ás palabras mediante a interpretación, mellorando a súa expresión oral, a confianza en escena e o seu aprecio pola literatura en diferentes xéneros. Unha oportunidade descubrir novas formas de ler e interpretar.

Este obradoiro ten un custe de 250 euros máis IVE e unha duración de dúas horas.

### Non dramatics! (Ou si!)

Unha proposta de lectura dramatizada dirixido a estudantes de ESO, Bacharelato e persoas adultas, pensado para explorar a forza expresiva da palabra a través da dramatización de diversos textos, desde poesía e a banda deseñada ata a narrativa e o texto puramente teatral. Nun ambiente dinámico e divertido, os participantes aprenderán a dar vida ás palabras mediante a interpretación, mellorando a súa expresión oral, a confianza en escena e o seu aprezo pola literatura en diferentes xéneros. Unha oportunidade descubrir novas formas de ler e interpretar.

Este obradoiro ten un custe de 250 euros máis IVE e unha duración de dúas horas.



630877153, 981943242  
info@taliateatro.gal  
<https://taliateatro.gal/>



# CRISTINA COLLAZO

Cristina Collazo naceu en Santiago de Compostela no 1986 e medrou no berce dunha aldea chea de fábulas, contos e cantigas. Dos beizos das avoas saíu a maxia da literatura popular que fixeron pouso na súa formación e entendemento da arte dramática.

Así mesmo, cursou maxisterio e literatura en Madrid. Nestes anos comezou as investigacións sobre o teatro cervantino e a literatura popular, así coma a súa carreira profesional como actriz. Cursou dirección na ESAD, e tamén se forma noutros ámbitos interpretativos, como a impro, clown danza e música.

No 2012 viaxou a Brasil para realizar unha xira coa compañía Arte Livre onde se afianzaron as súas inqúedanzas sobre o teatro infantil e a dramatización dos contos. Un ano despois regresou a Bandeira para poñer en práctica estas aprendizaxes e tamén crear "laboratorios".

Participou en múltiples programas e series na TVG, CTV e Movistar +, así coma en numerosos proxectos publicitarios e curtametraxes.

No 2013 formou A Cova das Letras, compañía teatral que ten por obxecto fomentar o teatro no medio rural. Coordina grupos infantís de teatro espallados pola comarca do Deza. É mestra de Música e Movemento na Escola Municipal de Música de A Bandeira. Coordina tamén outros proxectos de índole social coma "Sair por un intre", no Centro Penitenciario de Monterroso e "Teatro en feminino". Como actriz de teatro tamén colabora con outras compañías como CULTURACTIVA, IBUPROFENO TEATRO ou BUTACAZERO.

A Cova das Letras foi medrando e leva a escena ás súas montaxes, sempre baixo unha perspectiva de defensa da muller traballadora rural e dando prioridade a cultura e lingua galega.

## OBRADOIRO

### Obradoiro de teatro radiofónico

Este obradoiro, de 90 minutos de duración, está centrado no traballo da radio como medio de comunicación e expresión. Faremos exercicios prácticos que fomenten a boa dicción e creatividade a hora de desenvolver un texto dramático na radio (dinámicas grupais, xogos dramáticos, técnicas para traballar a voz). Procuraremos recursos mediante o espazo sonoro que nos permitan crear unha ficción sonora e traballaremos para descubrir o xeito máis adecuado de expresar as nosas ideas. Realizaremos unha gravación dunha historia creada entre todas!

646383305  
cristina.collazo.gomez@gmail.com  
<https://criscollazoactriz.gal/>



# REDE ESPORA

ESPORA é unha plataforma escolar que pretende crear unha potente rede de EScolas POla RAdio. A plataforma nace da man de persoas dedicadas ao mundo do ensino e da comunicación.

O seu modelo de formación é

fundamentalmente pedagóxico. Forman ao alumnado no emprego da radio dun xeito autónomo e integral, pero tamén ao profesorado de xeito que poda sentirse cómodo coa parte técnica e tamén na elaboración de material didáctico axeitado ao currículo de cada curso. Fundamentan a súa formación no traballo das competencias ALFIN/AMI e das liñas marcadas pola UNESCO con quen traballan ano tras ano.

## OBRADOIROS



### Iniciámonos na radio

Obradoiro enfocado a profundizar nos beneficios do emprego da radio escolar, a radio como ferramenta TIC dinamizadora da biblioteca, a organización dunha aula para facer radio (traballos por proxectos e traballo cooperativo), o proceso xornalístico na aula: a inclusión no currículo, a radio e a música, a radio e Internet, o podcast, facendo radio en directo, a produción básica dun programa (cortar, pinchar, comprimir...).

### Formación en continuidade

Obradoiro que se centra en nocións básicas dos beneficios do emprego da radio escolar, a radio como ferramenta TIC dinamizadora da biblioteca e o éxito do traballo coa radio na aula ordinaria.

### Radio Teatro

Obradoiro orientado a comprender as premisas básicas do teatro (cómo facer un guión, representación, partes dunha historia, personaxes) e orientalo á radio, aproveitando as súas posibilidades comunicativas (traballar con sons, distintas voces, música). Formación básica en ambas disciplinas para aplicar as TICs cunha perspectiva expresiva e creativa.

Teléfono de contacto para esta actividade:  
698 182 123



651162245, 660579935, 619476598  
ola@espora.eu  
www.espora.eu





# PABLO GARCÍA

Pablo García Fernández é graduado en Comunicación e Técnico Superior en Producción Audiovisual e de Espectáculos, mestrado Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas.

Actualmente é o Presidente de AMEGA (Asociación de Medios en Galego) e director dos programas "Salta da Cama" e "O Mercadiño" de Radio Estrada, que é unha das radios municipais máis antigas e con máis audiencia de Galicia. O Consello de Europa citou a Radio Estrada no ano 2016 como exemplo de normalización lingüística en Galicia. Ten incidencia directa en 14 concellos cunha media de 40.000 oíntes diarios e picos de 60.000, superando a outras radios de ámbito estatal na súa zona de influencia. Isto débese a que a radio é un medio de comunicación de proximidade coa capacidade de satisfacer as necesidades locais de información e ocio dos oíntes. Pablo tamén colabora en diferentes proxectos con EMUGA (Emisoras Municipais Galegas), como por exemplo no proxecto "Onda ODS".

## OBRADOIRO



### Facendo radio dun xeito divertido

Obradoiro presencial, con diferentes modalidades organizativas, por unha banda clases teóricas e clases prácticas e por outra, traballo en grupo e traballo individual. Os métodos de ensinanza serán expositivo e learning to doing. Estudo de casos, resolucións de problemas, aprendizaxe cooperativo e aprendizaxe orientado a proxectos.

Ofrécense tres obradoiros: un de iniciación, un de continuidade e un obradoiro específico de edición de audio con Audacity.

Cada un dos tres obradoiros está adaptado para realizarse en dúas sesións de 90 minutos. Ao igual que a radio é un medio dinámico e vivo, os contidos e duración dos obradoiros pódense adaptar ás necesidades específicas do alumnado de cada centro, para que a formación sexa de proveito para o alumnado e profesorado. En todos os obradoiros ponse á disposición do profesorado recursos e materiais didácticos e o seguimento dos proxectos ao longo do curso escolar.

678591162  
pablo.comunicando@gmail.com



# DAMIÁN ALONSO



Damián Alonso considera que ten a grandísima sorte de facer dobraxe e teatro, voz en off, monólogos, contos e sobre todo... impartir obradoiros. Todo o que teña que ver co mundo da voz! Con máis de 350 obradoiros impartidos por toda Galiza a alumnado de toda índole, profesorado, e a todas/os os que queiran aprender... Damián é membro de Ponte... nas ondas!, unha Asociación Cultural e Pedagóxica que, desde 1995, realiza actividades educativas e culturais en Galicia e no Norte de Portugal. Entre os fins da asociación están a promoción de actividades culturais e pedagóxicas así como a promoción da identidade común dos dous pobos dentro dunha perspectiva xeral de integración europea e do mundo lusófono.

## OBRADOIROS



### Iniciación á radio

Dirixido a centros de primaria e institutos: nel poñemos en contacto a alumnos e profes de escolas que nunca tiveron radio escolar con este apaixonante mundo.

### Emisión de radio a través de internet

Esta proposta preparará aos rapaces e rapazas que vaian facer de técnicos e aos profesores e profesoras para a realización e emisión dun programa a través de Internet.

### Obradoiro avanzado de elaboración de podcast

Obradoiro no que se traballará na planificación para a creación dun podcast; na realización do guión utilizando formatos e técnicas narrativas sonoras que resulten un produto atractivo e entretido; en coñecer algunhas técnicas de gravación; na edición avanzada co software gratuito Audacity; en subir podcasts á rede (como e onde publicalos e compartilos nas redes).



607791849

[damianalonso@me.com](mailto:damianalonso@me.com)

<http://pontenasondas.org/>

<https://escolasnasondas.com/>



# LABORATORIO DE RADIO

Lucía Abarrategui é licenciada en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Santiago de Compostela, cun mestrado en Radio e en Profesorado. Actualmente é doutora no programa de Equidade e Innovación en Educación (USC) sobre as potencialidades educativas da radio en clave interxeracional.

Pasou por diferentes radios: Cadena SER, Radio Nacional de España e Radio Voz Coruña. Obtivo o certificado de Profesionalidade en Técnica de son. Impartiu docencia radiofónica no Ciclo Superior de Formación Profesional de Producción de Audiovisuais, Radio e Espectáculos (CPR O Radio Verde).

Sergio Pascual é licenciado en Xornalismo pola Universidade de Valladolid, especializouse en Radio na Universidad Rey Juan Carlos e en Marketing, Consultoría e Comunicación Política na Universidade de Santiago de Compostela. Ten realizado o podcast NALINGUA. Pasou por diferentes medios de comunicación: Europa Press, Efe, Radio Nacional de España. É doutor en Estudos lingüísticos cunha investigación sobre o discurso xerado arredor da violencia de xénero no eido político, mediático e institucional.



## OBRADOIRO



As sesións están dirixidas a adquirir as nocións necesarias para comezar un proxecto de radio escolar: linguaxe radiofónica e cuestións técnicas. Levamos todo o noso equipo técnico para coñecer o seu manexo, detectar as necesidades da escola e asesorar na compra do equipo.

Laboratorio de Radio baséase nas metodoloxías activas poñendo especial énfase no "aprender a aprender" fundamentado en estratexias de proceso, traballo cooperativo, creatividade e espírito crítico.

Para os centros que se inician en radio, fornecemos ao alumnado, dun xeito práctico, os coñecementos para a creación dun contido radiofónico dende a idea até a gravación. doutro lado, desde Laboratorio de Radio achegaremos distintos equipos técnicos para amosar ao profesorado sobre cal é o máis axeitado, segundo as necesidades do centro educativo. A partir desta decisión, asesoraremos ao colexio na compra do material técnico.

Para os centros de continuidade, a suxerencia é artellar un obradoiro práctico a través do cal responder ás dúbidas que teñan xurdido, coñecendo posibilidades de mellora e novas vías para traballar coa radio na escola. Porén, elaboraremos esta sesión atendendo ás necesidades comunicadas polo centro previamente.

617480703

laboratorioradiofonico@gmail.com  
<https://www.laboratorioderadio.com/>





# SUSANA BASTÓN · SORAYA MARTÍNEZ

Susana Bastón é xornalista, licenciada en Ciencias da Información pola Universidade Complutense de Madrid en xuño de 1992. É tamén Politóloga, licenciada en Ciencias Políticas pola Universidade de

Santiago de Compostela no ano 2005 e conta co Curso de Perfeccionamento impartido pola Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela sobre "Gabinetes de Comunicación e Información en situación de crise" realizado durante o ano académico 2004-05. Realizou o "Curso de Xornalismo Especializado nos Medios Audiovisuais" e o "Curso de Xornalismo de Precisión e Xornalismo nos Novos Soportes", impartidos ambos polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia. Na actualidade é profesora asociada na Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra, na Universidade de Vigo. En xullo de 2015, 2017, 2018 e 2019 impartiu obradoiros de radio a alumnado asistente aos campamentos de verán de colexios de España. No CPXG (Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia), durante o curso, 2016 2017 2018 2019 impartiu o obradoiro "Xornalismo na escola" (iniciativa do CPXG e a Obra Social La Caixa dirixida a alumnado de 3º e 4º de ESO) en diferentes IES de Galicia.

Soraya Martínez é graduada en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural pola Universidade de Santiago de Compostela en 2017. É tamén xestora cultural cun Máster en Xestión Cultural pola Universidade Aberta de Cataluña en 2019. Realizou o Curso "Futuro en igualdade mocidade e liderado feminino" impartido pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado en 2020. Asistiu ao Seminario "Os arquivos sonoros memoria e patrimonio" impartido polo Consello de Cultura Galega en 2020 e ao "Seminario de literatura e medios audiovisuais" impartido pola Universidade de Santiago de Compostela en 2016. Fixo os cursos de "Mediación e xestión cultural", impartidos pola Universidade de Santiago de Compostela e o Consello da Cultura Galega en 2015, 2016 e 2019.

Foi auxiliar de biblioteca na Biblioteca de Galicia (bolsa de formación) en 2018 e 2019, asistente de produción nun espazo cultural en Oporto (bolsa Galeuropa 2019) e é docente en ensinanza non reglada na actualidade.



## OBRADOIRO




No taller traballaranse aspectos clave para a redacción dunha noticia e a locución, os elementos da linguaxe radiofónica, a montaxe...

630415994







RADIO  
NA BIBLIO



BIBLIOTECAS  
ESCOLARES  
DE GALICIA



XUNTA  
DE GALICIA